


ARQUITECTURA OBRAS


Teatro de
Mérida



Acueducto




Panteón



Coliseum



Arco de Tito



TEMPLO

O PANTEÓN

Clasificación:

Nome: Panteón.

Autor: Apolodoro de Damasco

Cronoloxía: **118-125**

Comitente: emperador Adriano

Estilo: romano imperial





Inscripción: M.AGRIPPA.L.F.COS.TERTIVM.FECIT
Marco Agrippa, fillo de Lucio, cónsul por terceira vez, fíxo
(1ª construción: ano 27 a.C.)
Reconstrución total en tempos de Adriano, 118-125

Contido

A súa datación é complexa debido aos cambios sufridos. A inscrición no friso indica que nos tempos de Agripa (27 a.C.), lugartenente e xenro de Augusto, xa se fraguou a idea de construír un templo que servise de acollida aos numerosos deuses existentes en Roma (panteón = todos os deuses, de etimoloxía grega), centralizando a gran variedade de cultos do seu cosmopolita imperio. Tempo despois aquel primeiro edificio sufriu as consecuencias do incendio do Campo de Marte do ano 80 d.C., e restaurouno logo Domiciano.

O edificio actual, malia a inscrición, é unha construción realizada en tempos de Adriano, xa na primeira metade do s. II (118-125), novo desde os cimentos. Con Adriano o Panteón estivo consagrado ás divinidades celestes romanas: Sol, Lúa e os 5 planetas (Mercurio, Venus, Marte, Xúpiter e Saturno), cada un tería asignado unha exedra interior. Simbolicamente, a propia sala circular, unha esfera perfecta, representa a harmonía, a perfección e a bóveda celeste que acolle ás divindades, ocupando o óculo o lugar do sol.

O edificio salvouse da destrución ao principio da idade media porque o emperador bizantino a doou ao papa, que a transformou en igrexa cristiá. É o primeiro caso de un templo pagano convertido a culto cristiano (por esa razón foi o único edificio da Antiga Roma que permaneceu intacto e en uso ininterrompido).




planta

8 Piores

Oito grosos piares como elementos básicos de soporte da cúpula. Entre eles ábreñse sete amplas exedras ou nichos que alternan ritmicamente planta semicircular e rectangular

7 Nichos

Nicho



12. ROM: PANTHEON.



Cella

Corpo de
transición

conecta o pórtico coa cella,
permitindo o cambio de planta

Pórtico, pronaos

16 columnas sosteñen o pórtico dividíndoo
en tres rúas. Dúas terminan en exedras e a
central nas portas de acceso á cella

A porta de acceso á nave circular recibe un tratamento especial ao adosarlle un pórtico alintelado que destaca a entrada. **FACHADA** e **CÚPULA** son os dous achados da arquitectura romana presentes no edificio, que se pretendía que presidise unha praza porticada que impedía ver a enorme cúpula, aparentando ser un templo tradicional e conseguindo así sorprender aos novos visitantes.




O Pórtico

Está construído sobre un baseamento de cinco escalóns e destaca pola súa profundidade, a xeito de pronaos. Arquitectura arquitebada de clara influencia grega. No exterior, destaca a orde corintia con columnas de granito gris e vermello exipcio de fuste liso monolítico; as bases e capiteis corintios están realizados en mármore branco de Grecia; o entaboamento integrado por arquitebe con tres bandas horizontais, friso coa inscrición de Agripa en letras de bronce e cornixa saínte, remata en frontón cuxo tímpano perdeu as estatuas de bronce que o ornamentaban. Tellado a dobre vertente




A cuberta de tella está soportada por cerchas de madeira sobre unha estrutura de muro e arcos de medio punto sobre arquitebe que apoian sobre as columnas. As cerchas, orixinariamente de bronce, foron fundidas para fabricar canóns




Interior

Coidase sobre todo o interior, un **ESPAZO INTERIOR**, concibido como un cilindro coroado pola cúpula e iluminado polo óculo central. Todo no edificio está subordinado ao mantemento da monumental cuberta e concibido como un espazo simbólico e centripeto ..

Óculo




Pavimento lixeiramente convexo (parte central 30 cm. máis alto ca no perímetro para facilitar a saída da auga de chuva).
Revestimento de mármore de cores.



Na construción do edificio mesturan ladrillo e formigón e recobren estes materiais pobres con outros luxosos.

O Tambor



O tambor sobre o que se asenta a cúpula é un cilindro mural realizado en formigón, a base de cal, cascote e fragmentos de ladrillo que para unha mellor trabazón, verteuse en capas en fiadas horizontais e reforzouse con capas de ladrillos grandes, colocadas cada 1'5 m. A **estrutura interna** deste anel consta de dous elementos de sostén, por unha parte 8 enormes piares de 6 m de grosor; e entre eles unha serie de arcos de descarga, que transmiten o peso da cúpula precisamente aos piares, auténticos soportes do peso daquela. Este sistema tan perfectamente estudado no **reparto de cargas**, explica a ausencia de contrafortes exteriores, innecesarios.

corpo inferior, de maior altura, no que se atopan os piares entre os que se abren as exedras que están enmarcadas por pilastras e columnas, cun entaboamento continuo en todo o perímetro, menos nas exedras do eixo principal. Entre as exedras, no pano intermedio do muro hai edículos (ou templetes) a xeito de pequenos altares baixo columnas e con remates de tímpanos que alternan a forma triangular e a semicircular. Neste corpo prevalece o sentido decorativo, con mármore, alternancia de cores, cornixas, columnas e pilastras que non teñen función construtiva, senón decorativa, ocultando o sistema de carga dos muros, ao mesmo tempo que é unha homenaxe á arquitectura grega



O **ático**, de menor altura, esténdese entre o entaboamento e o anel da cúpula. A decoración orixinal foi modificada no séc. XVIII, destacando unha sucesión rítmica de ventás, algunhas rematadas por frontón, outras con celosía e outras tapiadas, que dan a unha estreita galería superior e coinciden en vertical cos nichos e edículos inferiores. As paredes revestidas de estucos reproducen as cores e decoración predominantes

Estos dous corpos funcionaban a modo de fachada coa función de ocultar todo o sistema de apoios que maniñan en pé o edificio, de embelecelo e de non romper coa tradición da arquitectura arquitebada: columnas, piastras, cornixa, todo, por superfluo que fose pois nada sostiñan .





Os muros aparecían cubertos de mármores polícromos de variadas cores, os casetóns estaban decorados en bronce e estatuas de deuses debían presidir os nichos.



O elemento máis destacado é a enorme **Cúpula** semiesférica sobre tambor circular

Elévase a 43,5 m. (igual medida ca do diámetro da cella). As súas medidas e o seu enorme peso convértena na máis grande construída ata entón e **os problemas que xerou o seu asentamento supuxeron un reto** que acabou por demostrar o enorme nivel técnico dos construtores romanos. Estrutura semiesférica construída de abaixo arriba, formada por **aneis superpostos** en diminución de tamaño e de grosor xa que arranca cuns muros de 6 m.e remata con 1,5 m.. A cúpula propiamente dita, para reduci-lo seu peso, consta de **dúas paredes paralelas recheas de materiais liviáns** (pedra volcánica, cerámica, etc.) e ladrillos grandes colocados en liñas concéntricas para unha mellor trabazón. Así mesmo, alívíase o seu peso abrindo **arcos de descarga** (visibles no exterior) sobre as exedras inferiores, é dicir, entre os piares, para que o peso caia precisamente sobre estes. A súa estrutura de aneis e nervios configuran **no interior casetóns** (compartimentos ocos de forma cuadrangular recubertos de material en diminución).



O **óculo** (9 m. de diámetro) constitúe o único punto de entrada directa de luz, permanece aberto.


Óculo central simboliza o sol que ao longo do día ilumina de distinto modo a estancia

Dividida en cinco aneis concéntricos (5 esferas do sistema planetario concebido entón) con 28 casetóns (días lunares)



Casetóns converxentes que acentúan efecto de perspectiva

Se pensaba que o ceo era a perfección e eles asociaban a mesma ao círculo




Exterior


O edificio despojado dos elementos de revestimento presenta os materiais construtivos ao descuberto: formigón e ladrillo. O exterior do tambor presenta 3 pisos superpostos, separados por liñas de imposta. Podemos apreciar os arcos de ladrillo superpostos e integrados no muro que como xa expuxemos actúan a xeito de arcos de descarga. O terceiro piso do tambor tapa o arranque da cúpula. O exterior da cúpula semella máis plana ao non apreciarse o seu arranque; está composta por 7 aneis superpostos, decorados cun revestimento de pranchas de bronce dourado que foron arrancadas no séc. VII.



**Tambor
3 corpos**



Importancia primordial e non só polo alarde técnico que reflicte, senón pola súa concepción espacial: a **arquitectura como creadora de espazos interiores**. É a primeira construción na que claramente se pretende crear espazo interior, non preocupándose en exceso polos volumes externos



Evidentes armonías na concepción

Do espazo interior:

- Nas proporcións numéricas
- Nos xogos entre elementos curvos e rectos
- O contraste valeiro/cheo
- Os xogos de cores

En conclusión, trátase dunha obra arquitectónica representativa da arte romana imperial, na que destaca o dominio técnico na elevación dunha cúpula de tan gran tamaño, obra que non será superada ata o século XIX, cando a construción en ferro o permita. Terá gran repercusión en todos os tempos...pero será no Renacemento e o Barroco cando exerza a súa máxima influencia .

O COLISEO



Clasificación:

Nome: coliseo

Autor: descoñecido

Cronoloxía: **inaugurado 80 d.C.**

Comitente: Vespasiano
(inaugurado por Tito)

Estilo: romano imperial

Contido




A construción do Coliseo, orixinalmente denominado Anfiteatro Flavio, empezou baixo o mandato do emperador Vespasiano, entre o 70 e 72 d. C. O emprazamento elixido era un área chaira dun val entre varios outeiros, a través do cal fluía unha corrente canalizada

A obra é interpretada como unha operación de imaxe de devolver ao pobo o que Nerón lle quitara para construír a súa *Domus Aurea*. Cando Vespasiano morreu no 79, o Coliseo xa estaba completo ata o terceiro piso. O seu fillo Tito terminou o nivel superior e inaugurou o edificio no 80. Máis adiante remodelouse o edificio baixo o mandato do fillo pequeno de Vespasiano, o recentemente nomeado emperador Domiciano, quen construíu o hipoxeo, unha serie de tuneis subterráneos que se usaban para aloxar animais e escravos. Tamén engadiu unha galería na parte superior do Coliseo para aumentar o seu aforamento.




Ao contrario que moitos outros anfiteatros, que se situaban nos arredores da cidade, o Coliseo estaba construído xusto **no centro da urbe**, situado literal e simbolicamente **no corazón de Roma**

Función: o Coliseo albergou espectáculos como pelexas de animais ou execucións de prisioneiros por animais, así como as pelexas de gladiadores. Calcúlase que nestes xogos morreron entre 500.000 e 1.000.000 de persoas. Así mesmo, celebrábanse *naumachiae*, espectaculares batallas navais que requirían asolagar a area de auga (é probable que fosen só nos primeiros anos, antes de construírse os sotos baixo a area).




Gran edificio que na antigüidade posuía un aforamento para 50.000 espectadores, con oitenta filas de bancadas. Os que estaban preto da area eran o Emperador e os senadores, e a medida que se ascendía situábanse os estratos inferiores da sociedade

No seu interior existía un ~~complexo~~ sistema de estancias e pasillos soterrados e eran famosos os mecanismos que facían aparecer por sorpresa animais e gladiadores en diferentes partes da area.





Planta oval ocupada no seu centro por unha ampla area onde se desenvolve o espectáculo (o nome anfiteatro deriva da unión de dous teatros polo seu centro). É unha edificación totalmente exenta, fronte á construción dos primitivos teatros gregos que, levantados sobre unha pendente natural, apoiaban os seus graderíos nela.

Cávea arredor da area e en pendente, sobre galerías abovedadas. O acceso ás bancadas faise a través de 80 portas e corredores que permiten a rápida evacuación do edificio





O exterior consta de 4 pisos de arcadas. A fachada articúlase en catro ordes, cuxas alturas non corresponden cos pisos interiores. As tres ordes inferiores fórmanos 80 arcos de medio punto sobre piares, e con semicolumnas encostadas que soportan un entablamento puramente decorativo. O cuarto fórmao unha parede cega, con pilastras encostadas, e fiestras nun de cada dous vans. As ordes de cada piso son sucesivamente toscana, xónica e corintia. O último piso ten un estilo indefinido que foi catalogado no século XVI como composto. Era corrente superponer estilos diferentes en pisos sucesivos, pero non era habitual facer edificios con catro ordes superpuestos. As comunicacións entre cada piso realizábanse a través de escaleiras e galerías concéntricas.

Como coroaemento un **ático** de gran altura que pechaba o último dos sectores do graderío, para aumentar a capacidade do edificio.



No último piso, altos postesostiñan o *velarium* a fin de dar sombra na gradería. Trátase dunha gran carpa que protexía os espectadores do sol, suxeita por medio de postes ao piso superior e atada con cordas a uns pivotes situados no chan fóra do anfiteatro



Ménsulas que
sosteen mástiles
dos toldos

Técnica construtiva: o Coliseo romano foi quizas a obra máis grandiosa da arquitectura romana, e nel utilizáronse as máis variadas técnicas de construción. As pilastras e os arcos son de travertino colocado sen argamasa. Nas partes inferiores e nos sotos empregouse a toba do mesmo xeito. Moitos destes sillares ían suxeitos con grapas metálicas. As bóvedas que sosteñen a cávea fixéronse vertendo argamasa de cemento directamente sobre cimbras de madeira, unha innovación que alixeiraba a fábrica. .

A elevación da enorme carga da cávea se resolve mediante a inclusión de poderosos arcos de medio punto que sosteñen as bóvedas sobre as que se asentan os diferentes niveis de gradas. Os kilómetros de corredores que discorren polo seu interior estaban cubertos con bóvedas de canón e aresta e os distintos andares unidos por escaleiras.



A monumentalidade exterior se completaba con relevos de mármore e de estuco, que abundaban na cavea e na infinidade de galerías, dando un aire de luxo a un edificio cheo de funcionalidade




Rede complexa de pasillos radiais conectados con outros transversais sostidos sobre bóvedas de canón e aresta

Planta elíptica (anfiteatro froito da unión de dous teatros)

Totalmente exento mediante a superposición de pisos

Area central con subsolo excavado con galerías, pasillos, conductions de agua, etc.

80 arcos de medio punto permiten unha rápida entrada e saída ao recinto



Características xerais romanas: funcionalidade, propaganda, combinación dintel e arco, formigón, etc.

Construído en tempos de Vespasiano

Coliseo de Roma.
Vista aérea

Cuarto corpo engadido
en tempos de Domiciano

Predominio do
muro sobre el vano
(só pequenas
aberturas rectangulares)

Articulación do
muro con lesenas
(estreitas pilastras)

Ménsulas que
sosteen mástiles
dos toldos

Segundo e terzo corpo
con estatuas en intercolumnios

Superposición de ordes
(toscano, xónico, corintio)

Sobre gradas o
estereobato

Reconstrucción parcial
no s. XVIII

Recubrimiento exterior
con mármores e estucos



Coliseo de Roma. Fachada

MONUMENTO
CONMEMORATIVO

O ARCO DE TITO



Clasificación:

- Nome: Arco de Triunfo de Tito
- Autor: desconhecido
- Cronoloxía: século I d.C.
- Comitente: emperador Domiciano
- Estilo: romano imperial


Tipoloxía: os arcos triunfais son o exemplo máis salientable da **arquitectura conmemorativa** romana. A finalidade destas obras é facer propaganda das victorias bélicas e do poder de Roma entre a poboación (construíanse para os desfiles das tropas vencedoras e eran adicados a xenerais ou emperadores vitoriosos, e adoitábanse situar en lugares estratéxicos.) Os que se conservan son fundamentalmente de época imperial.

Un arco de triunfo romano é unha construción pétreo e exenta na que se abre un número impar de vans e vai decorada con **relevos alusivos ao feito conmemorado** e con outros símbolos (por exemplo, vitorias aladas), dispóndose ademais nunha das súas caras ou en ambas as inscricións en letra capital que narran as campañas realizadas e eloxian a quen as dirixiu.



É o arco máis antigo de todos os que se conservan en Roma, exemplo de proporción arquitectónica e sobriedade decorativa. Atópase situado aínda hoxe no punto máis alto da Vía Sacra que sae do Foro Romano e atribúese a Tito pola dedicatoria da cartela do ático: “**O Senado e o pobo de Roma ao divino Tito, fillo do divino Vespasiano, Vespasianus Augustus**”. Debeuno mandar erixir Domiciano, en honra do seu irmán Tito, a pouco de que este morrera. Con modestia, Domiciano abstívose de figurar na dedicatoria. O arco de Tito conmemora a súa vitoria contra os xudeos no ano 70 d.C.

ESTRUTURA SINXELA E PROPORCIONADA




Combinación de estrutura alintelada e abovedada (arco de medio punto, bóveda de canón con casetóns, enxugas, etc.) dan máis firmeza. Formigón recuberto de placas de mármore.

Corpo principal: pilar flanqueado por Semicolumnas de capiteis compostos (decorativas, simulan soste entaboamento)

Liña de impostas

Zócalo/podio



Friso “relevos
Desfile triunfal
Lexións romanas
En Xerusalén”

Ático, con
cartela epigráfica

enxugas



**Relevos da
Toma de
Xerusalén**

Piastras


Neste tipo de monumentos narran de maneira propagandística as súas xestas máis relevantes, instituindo o chamado “RELEVO HISTÓRICO”

O valor do arco de Tito reside na súa decoración escultórica, sobria no exterior (friso e enxugas do arco) e desbordante baixo a bóveda, onde altorrelevos de gran formato presentan a **entrada triunfal de Tito**, o ano 70 d.C., na arrasada Xerusalén e o **desfile dos trofeos collidos aos xudeus**.

No interior do pasadizo do arco, atópanse a media altura, un a cada lado, **dous altorrelevos de gran formato**



Episodio central da celebración do triunfo, é dicir, o emperador Tito que, acompañado dunha deusa da Vitoria que o coroa, avanza sobre unha cuádriga precedida por lictores e dirixida pola deusa Roma, que volve a cabeza cara a el, seguido das figuras alegóricas do pobo e do senado romano, representados, respectivamente, por un home novo co torso espido e un home vello vestido con toga. Cando o arco foi levantado Tito morrera. Esta circunstancia aconsellou sen dúbida non representalo en compañía dos vivos, senón de figuras alegóricas, aínda que o feito que se conmemoraba fose histórico, polo que non o acompañan, como sería de esperar, os maxistrados, sacerdotes, vestais, membros da familia imperial e achegados. Nacía así como novo xénero o relevo histórico-alegórico.




O panel do outro lado mostra o inicio da cerimonia, é dicir, a [procesión cruzando a porta da vitoria](#) (porta recoñecible polas dúas cuadrigas que a coroan), que está representada no lado dereito, mentres que os serventes traen o botín desde o templo de Xerusalén (as trompetas de prata, o candelabro de sete brazos), e os paneis provistos de asas nos que probablemente se fixaron as inscricións que explicaban o que eran os obxectos e os nomes das cidades




En ambos paneis avanzado tratamento da perspectiva, atmosfera lograda cun difuminado, preocupación polo movemento e estudo de distintas actitudes.

Nos dous parece que sobra o terzo superior do fondo, que no 1º se enche cos ocupantes do carro e sobre todo coas *fascas*, que crean **ilusión de espazo**, e no 2º coas pezas máis características do botín xudaico -a Mesa-Arca da alianza, as Trompetas de prata e o Candelabro dos Sete Brazos, do Templo de Xerusalén-, e cuns estandartes en forma de tablilla con asas. Esta concepción e este tratamento do fondo danlle ao relevo unha gran **profundidade espacial**, e ao seu claroscuro unha plasticidade tan intensa e tan pictórica como é posible nun relevo. O ilusionismo espacial creado en ambos paneis é sorprendente. Non soamente se fai uso dunha **perfecta gradación do relevo** de modo que a profundidade se suxire mediante tres e catro planos de relevo sobre a superficie, senón que ademais a superficie se fai lixeiramente convexa; as figuras do primeiro plano, no centro son altorrelevos, mentres as dos lados se funden co fondo. No 2º relevo, a porta, vista de escorzo, mergúllase no fondo do relevo coma se este non existise e a apertada masa camiña lixeira en varios planos, e os seus compoñentes teñen non só o maior ou menor vulto que lles corresponde, senón distintas alturas. O **movemento** parece ondulante, e a súa traxectoria, curva: o cortexo vén de fronte pola esquerda e xira cara ao fondo pola dereita, penetrando no van da porta. A iso súmanse contrastes lumínicos, de luz e sombras que subliñan esta ilusión. A policromía que deberon ter estes relevos debeu contribuír ao mesmo propósito. Todo iso, a pesar de que o tratamento das figuras carece da elegancia e estilización de influencia grega e achégase á corrente máis realista que acabará dominando parte da escultura romana.



O resto de elementos escultóricos teñen menos importancia pero son interesantes desde o punto de vista iconográfico. Nas enxugas do arco sendas Vitorias diríxense voando e portando estandartes ás claves dos arcos. O "ese" que debuxan as súas volutas está recuberto de follaxe e, por se isto fose pouco, no intradorso do arco casetonado, un aguia porta a Tito ao ceo nun relevo cun carácter moito máis rústico a pesar de representar a apoteose de Tito da que este arco e os seus relevos non son senón unha proba manifesta máis do uso da arte ao servizo do poder imperial.



OCIO


TEATRO DE MÉRIDA



Clasificación:


- Nome: teatro de Mérida
- Autor: desconocido
- Cronología: 18 a.c.
- Comitente: cónsul Marco Agripa
- Estilo: romano imperial
- Dimensiones: 87m diámetro

Función: o teatro deixa de ter para os romanos o significado relixioso que tiña para os gregos e convértese en espectáculo.




O teatro romano **deriva directamente do grego**, aínda que existen **algunhas diferenzas**:

- Érguese a ras de chan –o grego aproveitaba o declive do terreo *para acomodar nel o graderío ou cavea*-, construíndose sobre unha estrutura completamente abovedada de arcos e bóvedas de ladrillo ou formigón.
- A diferenza do teatro grego, no romano a orquesta presenta moi pouca importancia, substituída polo **protagonismo da escena**: *proscenio* onde declaman os actores, unha *frons escena* de gran tamaño e fixa, completado con xardíns e peristilos na parte de atrás.



Estructura dun teatro



1.- SCENA (actores)

2.- FRONS SCENAE
(Telón permanente)

3.- ORCHESTRA (coro
e músicos)

4.- PULPITUM
(autoridades)


5, 6 y 7.- CAVEA
(público) "ima", "media" e "summa"

8.- VOMITORIOS

Reconstrucción do Teatro de Mérida

Cávea semicircular, dividida en tres partes: a “ima cavea”, a “media cavea” e a “summa cavea”, colocándose os espectadores nelas segundo a súa clase social.

A cavea ten cabida para 5.000 espectadores (é un teatro de provincias), está dividida en sectores radiais por medio de escaleiras



Conxunto posterior: gran xardín central, biblioteca, lavabos e unha galería con pórtico

de xeito excepcional, a parte inferior da cavea está escavada nun pequeno outeiro, seguindo a tradición grega.



Ricos efectos de claroscuros

O “frons scenae” é unha estrutura columnada en dous niveis, de orde corintia cunha gran exedra cóncava central e outras dúas rectangulares laterais que comunican co espazo posterior do escenario. As columnas son de mármore azulado e branco. Os intercolumnios están decorados con estatuas de deuses e emperadores.

ESCENA arquitectónica, verdadeiro decorado fixo que pecha totalmenta o hemiciclo.



Frons scenae

Proscenio de gran tamaño e rectangular

Orchestra


semicircular

Cavea

As bancadas de preferencia están practicamente integradas na orchestra


Teatro de Mérida

A parte construída da cávea queda ao nivel da rúa exterior e ten 13 portas de acceso que comunican cos distintos niveis da cavea e dan paso a unha serie de corredores abovedados e escaleiras que relacionan os “vomitoriae” (portas de acceso) facilitando a evacuación do edificio en minutos




O exterior dos teatros presentaba dous ou máis pisos de arquerías, adornadas con diversas órdes. Nestas construcións de varios pisos é onde os romanos empregan as ordes clásicas en relación á súa resistencia, é dicir, de abaixo a arriba, dórico, xónico, corintio e composto.

Materiais: pedra e mármore



Por outra parte, estas galerías que se cinguen ao plan curvo da cavea van abovedadas, creando así unha bóveda anular sen antecedentes na historia.



Teatro de Mérida.
Vista aérea




Es el edificio más importante hoy conservado de la antigua Emerita Augusta, una de las ciudades más importantes de la Hispania romana, capital de la Lusitania.

Se encontraba situado en un área de ocio junto al anfiteatro en uno de los extremos de la ciudad



Teatro y anfiteatro de Mérida (s. I a.C.)



ACUEDUCTO DE SEGOVIA



Clasificación:

- Nome:
- Autor: descoñecido
- Cronoloxía: fins s.I e comezos s.II d.c.
- Estilo: romano imperial
- 638 m. de lonxitude x 29 m. de altura



Tiñan como **finalidade** abastecer de auga ás cidades, almacenada en alonxados pantanos e a conducida por medio de grandes acueductos.

Posiblemente sexa o mellor e máis completo acueducto que queda de todos os que se construíron no Imperio Romano, non só pola súa excelente conservación, senón tamén polo seu concepto, tamaño e deseño. Sufriu algunhas destrucións parciais, remodelacións e ata as desaparición parcial de sillares, en concreto de cornixas.



Non poideron vencer os obstáculos da conducción subterránea, e por iso empregaron o procedemento de levala ao descuberto



A grandiosidade, harmonía e integración que a obra achega á paisaxe da cidade foron motivo fundamental para que, nas accións de restauración se mantivese o deseño orixinal, sendo a máis importante a acometida polos Reis Católicos.



É, sen dúbida, a obra de enxeñería máis artística e monumental da historia romana.

Era parte dun complexo hidráulico en parte subterráneo

O acueducto toma a auga do río Frío situado a 17 km. da cidade, a Secovia romana e percorre 15 km. Condúcese mediante unha canle de 1.80 x 1.50 m. Discorre ao descuberto inicialmente, onde se enterra ata chegar a un primeiro filtro de area - turris aquae-Desde ese punto a canle elévase sobre un muro -parte da conducción esta hoxe perdida- que deesemboca nun segundo depósito de decantación.

Deste segundo depósito sae a conducción elevada que é coñecida en todo o mundo. Está composta de 166 arcos de medio punto -68 sinxelos e 44 dobres superpostos-, e a súa lonxitude total é de 638 m.

O trazado desta sección elevada non é recto, ten 4 partes que varían a súa dirección:



A **primeira** é de 65 m. e consta de 6 arcos de altura crecente.


A **segunda** mide 159 m. con 25 arcos de ata 8m.

A **terceira** é de 281 m. con 44 arcos e de 12 m. de altura.

A **cuarta**, a parte máis coñecida que termina na muralla

Cuarto tramo:
44 arcos dobles
(86). e 2 sinxelos
nos extremos


Chega a medir 29 m. de altura na súa zona máis elevada. Precisamente neste punto é onde se atopa o espazo destinado a unha inscrición.




Salva desnivel para conducir a água
(corpo superior sempre igual, inferior se adapta a irregularidade do terreo)

As luces dos arcos
Variables(4-6 m.)

Verticalidade equilibrada
con liñas de imposta



Nesta parte apréciase o sistema contrutivo "graduado" dos piares de planta rectangular que non son uniformes nas súas medidas, o seu grosor diminúe en altura. Os piares van divididos por unha especie de cornixas formando como escalóns cuxa lonxitude aumenta en altura




Dominio técnico

A fábrica é de sillares de granito labrados toscamente e colocados en seco, isto é a óso, sen argamasa, nun número aproximado de 25.000. O ático é de mampostería -opus incertum, e no seu interior atópase a canle, rodeado de formigón romano e impermeabilizado con opus signinum (especie de formigón composto de cal, area e ladrillo picado).



Unión viva
de perpiaños
(con grapas metálicas)



Acueducto levantado por los romanos en la segunda mitad del siglo I d.C. o principios del siglo II, posiblemente durante el mandato del emperador Claudio (tal vez Vespasiano incluso algunos hablan de Trajano). La imprecisión viene provocada por la pérdida de la inscripción en bronce que se encontraba en el centro.



La obra se enmarca en el espíritu utilitarista y funcional de la arquitectura romana en este caso para cubrir las necesidades básicas de la población urbana pero también, para dejar muestra del poder y la grandeza de Roma en zonas poco romanizadas

Como en otros puentes y acueductos, se logra crear un juego entre verticales y horizontales, superficies rectas y curvas, espacios vacíos y llenos que dotan a estas obras de un carácter estético propio